

6 *Review*

**MARTÍN LUCAS,**  
**Belén ed.**

**Ακαδημεια** Mujeres y culturas, 116. Barcelona: Icaria. 2010. 221 pp.  
 ISBN 978-84-9888-241-4

*Violencias (in)visibles.*  
*Intervenciones*  
*feministas frente a la*  
*violencia patriarcal*

**Vanessa Cerqueira**  
**Ogando**  
 Universitat de Barcelona

A proclamación aristotélica de que o macho é superior á femia e o valor dos homes se demostra ao mandar (e o das mulleres na súa capacidade para a submisión), oficializou un dos convencementos máis antigos e estendidos da historia da humanidade na cultura occidental. A partir dese momento o patriarcado converteuse nunha crenza irrefutable, universal e atemporal, que moldea o pensamento e con el a totalidade das construcións culturais e sociais que establecen xerarquías e espazos (Amorós 2005: 111–35). Para asegurar a súa continuidade, a lóxica patriarcal precisa da explotación, dominación, subordinación e opresión das mulleres. Para acadar este obxectivo, o poder falocéntrico goza dun amplo abano de pezas que, como sinala Pierre Bourdieu (1999), lexitiman como ‘naturais’ situacións violentas de desigualdade e discriminación. Esta violencia simbólica fica na maioría dos casos sen condenar, posto que se entende como un fenómeno normal ou natural, e non como violencia. Co coñecemento destas premisas, debemos ollar cara a atrás e ao redor para facer unha completa e radical valoración das sociedades pasadas e actuais porque, aínda que é certo que a violencia sobre as mulleres adquire formas distintas en cada época e lugar, o seu cerne permanece inalterable. Consonte a esta idea, os diversos estudos que constitúen *Violencias (in)visibles. Intervenciones feministas frente a la violencia patriarcal*, volume editado por Belén Martín Lucas, atenden á necesidade de cuestionar e cuestionarnos, falando do que aínda pouco se falou: da violencia sexista contemporánea enfocada desde disciplinas como a socioloxía, a literatura, as artes plásticas e os medios de comunicación, entre outras.

O primeiro capítulo, ‘La violencia de la representación y la representación de la violencia’ de María do Mar Castro e Nikita Dhawan, é un ensaio adicado á representación das mulleres nos discursos coloniais e nas teorías feministas poscoloniais. Todo pobo ou colectivo dun territorio colonizado se libera trazando a súa identidade logo de recuperar e asumir a súa

*Martín Lucas, Belén ed.  
Violencias (in)visibles.  
Intervenciones feministas frente  
a la violencia patriarcal  
Vanessa Cerqueira Ogando*

historia. Esta premisa complícase ao falar das mulleres destas rexións colonizadas. Como sinalan as autoras, as mulleres subalternas son silenciadas por causa dunha dobre colonización: a sufrida a mans do patriarcado autóctono, que as subordina facendo que, grazas a mecanismos relixiosos, culturais e educativos, acepten como normal a súa situación de desigualdade, e da ideoloxía imperialista, que as invade por pertencer a unha comunidade determinada. A súa carencia de voz fai que estas mulleres sexan adoito representadas por mulleres do Primeiro Mundo e é aquí onde xorde a cuestión da representación, ou de 'quen fala e a beneficio de quen' (15). Segundo as autoras explican, as teorías feministas poscoloniais, axentes de resistencia fronte aos discursos coloniais, tentan devolverlles a historia ás 'outras silenciadas'. Pero falar no nome doutros/as é unha arma de dobre gume e as teorías feministas poscoloniais corren o risco de traizoar a tentativa inicial de reinstaurar 'as voces silenciadas' se non son capaces de analizar e cuestionar os discursos propios, asimilados polos privilexios do poder dominante.

A conxunción de mulleres, territorios e representación atopámola tamén no capítulo 'La Madre Patria: de las metáforas nacionalistas a la violación como crimen de guerra' de Belén Martín Lucas. Nel lémbraenos que o concepto masculino de nación se forma mediante un prototipo viril de forza e honor que se basea ademais no silenciamento das mulleres e na relegación das mesmas á identificación simbólica coa natureza e coa terra (ou patria). Estas asociacións son unha manobra de grande funcionalidade para o poder patriarcal posto que supoñen formas violentas de opresión contra as mulleres. Dende a reflexión teórica e mediante o uso de exemplos concretos, a autora destaca dous aspectos fundamentais da significación das mulleres nos discursos nacionalistas patriarcais. O primeiro é que as mulleres participan da causa nacional só a través da reprodución biolóxica e ideolóxica. O segundo refírese ao uso metafórico dos corpos femininos como representantes da nación. De aí que, baixo a ideoloxía imperialista, as mulleres violadas simbolizen a nación conquistada, invadida e penetrada porque 'a violación é unha estratexia de guerra eficaz, [...] é un asalto en contra do individuo, a súa familia e a súa comunidade' (60). Finalmente, Martín Lucas suxire que as nacións colonizadas endexamais serán independentes se as súas mulleres sofren algún grao de opresión.

No seu ensaio 'La otra violencia de los medios de comunicación: una aproximación a la construcción discursiva de las relaciones de género', Olga Castro Vázquez estuda a violencia de xénero exercida polos medios de comunicación. Despois de evidenciar que a norma lingüística invisibiliza as mulleres co uso do xénero gramatical masculino, a autora analiza exemplos concretos de violencia de xénero e advirte, primeiro, que a representación das mulleres depende na meirande parte dos intereses mediáticos; segundo, que a subxectividade xoga un papel importante na elaboración dos textos; e terceiro, que se introducen datos irrelevantes, tales como o físico e a vestimenta. Castro Vázquez conclúe que os medios de comunicación fomentan a interiorización da violencia sexista na opinión pública.

A relación entre violencia e arte visual é unha constante e está lexitimada ou, cando menos, asimilada. Os creadores fan uso desta violencia simbólica coa finalidade de motivar ao público a consumir o produto anunciado. Tendo en conta isto, como se representa a violencia na publicidade e nos vídeos musicais contemporáneos? Non lonxe desta pregunta sitúanse 'Oscuros objetos de deseo. Construcciones culturales del cuerpo femenino negro en el discurso publicitario' de Ana Bringas López e 'Representaciones femeninas en los vídeos musicales de rap estadounidense: Hipersensibilidad

Martín Lucas, Belén ed.  
*Violencias (in)visibles.*  
*Intervenciones feministas frente*  
*a la violencia patriarcal*  
Vanessa Cerqueira Ogando

e hipersexualización de los cuerpos de mujer' de Jeannette Bello Mota. Como sinalan as autoras, o anuncios publicitarios e videoclips musicais comparten un amplo número de aspectos temáticos e estéticos cuxos elementos distintivos son a sexualización e a obxectualización dos corpos femininos. Na súa reflexión sobre a representación dos corpos femininos na publicidade, Bringas López nomea unha longa listaxe de aspectos sexistas/violentos que se agrupan *a grosso modo* en tres bloques. Primeiro, as mulleres animalízanse ao representarse como salvaxes e primitivas, ao tempo que son presentadas ao carón de animais salvaxes, imaxe relacionada coa combinación de pracer e perigo no pensamento falocéntrico. Segundo, os corpos das mulleres sexualízanse ao presentarse como reclamo sexual, de aí que aparecen (semi)espaldas. Terceiro, as mulleres cousifícanse ao identificalas cun ben de consumo asociado ao pracer. O traballo de Bello Mota presenta unha denuncia similar: nos videoclips de rap os fermosos e desexados corpos das mulleres, que danzan arredor da figura masculina (o rapeiro), só son reclamos visuais para quen mira. Así pois, ambas as dúas autoras mostran como a deshumanización das mulleres as degrada como mulleres e persoas a favor do beneficio económico.

Outra violencia simbólica sobre as mulleres atópase na construción de arquetipos femininos. En 'La violencia sexuada en los cómics. ¿Quién salvará el mundo?' Andrea Ruthven analiza a estereotipada representación das mulleres nos comics facendo referencia aos corpos das heroínas, fortemente sexualizados ao presentárense como pouco musculados e con pronunciadas curvas femininas. Ruthven conclúe que o patriarcado só permite a violencia exercida por mulleres se é para protexer a nación ou á humanidade e así as estereotipa como coidadoras. O traballo de E. Guillermo Iglesias Díaz, 'Violencia (in)visible: Posiciones discursivas de las mujeres en el cine. Vera Drake. Madre. Esposa. Asesina', reflexiona sobre a construción das mulleres no cine mediante a análise da película *Vera Drake* (2004) de Mike Leigh. As personaxes femininas cinematográficas perpetúan os roles que o patriarcado lles asignou ás mulleres e por iso os modelos discursivos presentados son o da nai, a muller perfecta ou, pola contra, a muller fatal. Estas posicións estereotipadas son das violencias simbólicas máis sutís exercidas sobre as mulleres.

Ao afastalas do cultivo de disciplinas como a literatura e as artes plásticas, o patriarcado negoulles o acceso ao espazo público ás mulleres creadoras. Pola contra, outorgoulles o dubidoso privilexio de ser obxectos de creación. Así é todo, as mulleres foron conquistando espazos e transformándose en suxeitos creadores. Mostra disto é o capítulo da escritora María Reimóndez, 'Extranjera en su patria. El destierro de las escritoras gallegas'. Malia os mecanismos de marxinalidade empregados na actualidade polo poder dominante, a autora aposta polas mulleres que aparecen no ámbito público literario cunha 'voz propia, distinta e rebelde' (84). 'Representar la violencia/violentar la representación: cuerpos (in)visibles en la obra de artistas irlandesas contemporáneas' de Aida Rosende Pérez é outro exemplo das conquistas das creadoras. As mudanzas operadas no seo das artes plásticas, que a miúdo representan ás mulleres como nocións da natureza e materia, conlevan unha contestación aos discursos do poder patriarcal. Este é o caso de certas artistas irlandesas que, a través das súas representacións dos corpos femininos, denuncian a violencia que determinadas manifestacións culturais, relixiosas e políticas exercen sobre eles. Con esta finalidade as súas obras reclaman o corpo feminino, (re)inventándoo, cuestionando o ideal de beleza imposto polo patriarcado, recuperando o silencio das

Martín Lucas, Belén ed.  
*Violencias (in)visibles.*  
*Intervenciones feministas frente*  
*a la violencia patriarcal*  
Vanessa Cerqueira Ogando

mulleres e dándolles voz a través de corpos fotografados e pintados. Deste xeito, as intervencións feministas no eido público das artistas irlandesas constitúen unha maneira de plantarlles cara ás representacións de femi- nidade patriarcais.

A lectura dos ensaios deste volume incítanos á reflexión. Variaron o pasado, o presente e o futuro das mulleres canda as mudanzas sociais? Pode existir unha cidadanía global? O colofón ao libro pono curiosamente o segundo capítulo, 'Género y ciudadanía en la Europa del siglo XXI. La ciudadanía en el contexto global' de Alba de Béjar Muíños. A autora sinala que o discurso de modernidade aspira a un mundo sen fronteiras e sen ricos nin pobres para o cal é preciso crear unha cidadanía e identidade novas. A idea dunha identidade global é un ideal inalcanzable xa que, por unha banda, non existe unha humanidade unificada senón unha grande variedade racial, social e cultural; e por outra banda, moitas mulleres seguen marxinadas nos espazos privados como nais, esposas, reprodutoras biolóxicas e transmisoras da cultura, e polo tanto cumprindo co papel secundario que historicamente lles outorgou o patriarcado. Polo tanto, non existirá unha cidadanía global mentres que esta non sexa capaz de defendernos a todas/os por igual.

É erróneo crer que a violencia sobre as mulleres diminuíu considerablemente na actualidade. Tal e como mostra este libro, simplemente se volveu máis sutil, pero non por iso menos perigosa. O patriarcado leva no seu cerne a violencia. Debemos destruír o patriarcado, ser conscientes da violencia secular exercida sobre as mulleres e asumir a nosa responsabilidade á hora de fomentar valores igualitarios. Só deste xeito conseguiremos crear sociedades nas que as mulleres deixen de estar subordinadas, explotadas, dominadas e oprimidas e todas/os academos o estatus de cidadás. O primeiro paso cara a esta utopía (in)alcanzable atópase en proxectos coma este libro, *Violencias (in)visibles*, que para nos concienciar denuncian os novos mecanismos de violencia e de opresión que o novo patriarcado exerce sobre as mulleres.

## Referencias

BOURDIEU, Pierre, 1999. *Razones prácticas. Sobre la teoría de la acción* (Barcelona: Anagrama).

AMORÓS, Cèlia, 2005. *La gran diferencia y sus pequeñas consecuencias... para las luchas de las mujeres* (Madrid: Cátedra).